

## Presentación

O Consello da Cultura Galega decidiu no seu día concentrar derredor de temas ou figuras concretas as actividades culturais realizadas durante un ano, como un modo de xuntar esforzos, aproveitar sinerxías e, polo tanto, fomentar a colaboración interinstitucional. A escolla para o ano 2010 era ben doada: a figura de Luís Seoane debía ser obxectivo preferente nas actividades para realizar por parte do Consello da Cultura Galega e doutras institucións que quixesen participar desta iniciativa. Neste caso, foron parceiras a Fundación Luís Seoane e as universidades galegas. Entre as diversas actividades organizadas durante o ano 2010, alén de exposicións e publicacións, realizáronse diversos encontros científicos derredor da figura de Luís Seoane. Un dos máis ambiciosos foi o congreso internacional que tivo lugar no mes de abril de 2010, nos locais do Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela e na sede da Fundación que leva o nome do pintor, sita na cidade d'A Coruña. Outros congresos sectoriais ou ciclos de conferencias sobre o Seoane artista e o Seoane deseñador tiveron lugar en Pontevedra (maio) e na cidade d'A Coruña (novembro).

A preparación e convocatoria destes congresos foi obra dunha Comisión, que tiveron a honra de presidir, composta por grandes expertos na figura e na obra de Luís Seoane: X. L. Axeitos (Real Academia Galega), Fernando Devoto (Universidad de Buenos Aires), Xosé Díaz (Secretario da Fundación Luís Seoane), Víctor Freixanes (Universidade de Santiago de Compostela), Manuel Gallego Jorroto (Universidade da Coruña) e Alberto Ruiz de Samaniego (Universidade de Vigo e director da Fundación Luís Seoane). Quero aproveitar a ocasión para dar conta publicamente da miña gratitude persoal e institucional a todos eles, pola súa colaboración e axuda no deseño de temas de estudo e procura dos mellores peritos para desenvolvelos. Tamén ao persoal da Fundación Luís Seoane e, nomeadamente, á documentalista Carmela Montero, que preparou unha coidada recensión bibliográfica que se incorpora como anexo nesta publicación. E, naturalmente, tamén debo recoñecer o traballo desenvolvido polo persoal técnico do Consello da Cultura Galega tanto na realización deste

congreso como na publicación resultante: Xosé Manuel Lens foi o responsable da secretaría do congreso e Begoña Tajés, a coidadora de todo o proceso de edición dos textos.

A idea central desde congreso foi a de subliñar a “dobre cidadanía” que marcou a biografía de Luís Seoane, combinando unha ollada concibida desde Galicia coa achega necesaria dunha perspectiva propiamente arxentina, isto é, procedente dos medios académicos e intelectuais da república do Plata, que cubriron case a metade do elenco dos relatores no evento. O resultado foi un congreso intenso e vivo, con contributos orixinais e con interesantes sesións de debate oral. Os textos escritos son agora publicados en papel, pero quen queira seguir a totalidade das intervencións e mesmo dos debates poderá facelo a través dos servizos da Mediateca do Consello da Cultura Galega, albergada na web da institución [www.consellodacultura.org/mediateca](http://www.consellodacultura.org/mediateca). Tamén nesta mesma web poderá consultar no futuro esta propia publicación e, no seu día, anacos do seu extenso epistolario, que permitirá seguir mantendo alén da data do centenario a presenza de Luís Seoane no seo da cultura galega e tamén arxentina, pois de ambas foi partícipe e a delambas lles deixou moitos benfeitos.

### **Ramón Villares**

Presidente do Consello da Cultura Galega